

No XV Aniversario do Lérez C.D. de Veteranos

Disque a veteranía é un grao. E debe ser certo a vulgar polo ben que o montan os xogadores veteranos do Lérez C.D. Non se lles pode negar a súa paixón polo fútbol, pero, arredor del, organizan unha serie de actividades paralelas coa saudable intención de pasalo ben. E na combinación equilibrada de ambas é onde está o seu mérito. O primeiro que destaca entre eles é a amizade. Esta está no mesmo punto de arranque. Foi un grupo de amigos os que tiveron a idea de organizar un equipo de fútbol de veteranos en Lérez. Pedro Pérez, Manolo Calvo, Onofre Piñeiro, Antonio "Pouquiño" e Ramón Martínez foron, entre outros, os promotores desta idea. Un bo día preguntáronse, por que non formar en Lérez un equipo de futbolistas veteranos, en vez de andarmos a xogar por Bora, Marcón ou Mourente? Así que mobilizaron outros antigos compañeiros, a maioría deles ex-xogadores do Deportivo Lérez, e nun tris, artellaron un equipo.

Non lles foi difícil, porque daquela había moitas persoas de Lérez que cumprían os requisitos esixidos para poder competir: ser maior de trinta anos e non estar federado, requisitos ós que os organizadores engadiron outro: seren amigos ou posibles amigos. Tamén tiñan que dispoñer dun campo de fútbol para xogar os partidos como equipo locatario e aí estaba, en Valado, o campo

Raimundo Piñeiro "Pechecho". Así que, decididos a participar na "liga de veteranos", inscribíronse como club na Asociación de Futbolistas Veteranos de Pontevedra, cuxo comité de liga, organiza os grupos, determina o calendario dos partidos, concreta as clasificacións, outorga trofeos, en fin, controla todo o proceso necesario para que o campionato saia ben.

Esta Asociación de Veteranos abrangue a zona norte da provincia, agás os concellos de Cuntis e Lalín que se integran na Agrupación de Santiago Nun principio movía un número modesto de clubs, pero actualmente son 120 equipos, repartidos en seis categorías, cun montante de máis de 3.000 xogadores. É fácil deducir que en cada categoría participan vinte equipos dos que, ó final da liga, ascenden seis e descenden outros seis, número que pode parecer excesivo, pero que ten por finalidade darlle a mobilidade ás categorías e oportunidades ós equipos.

Ó finalizar a liga, a Asociación concédelle un trofeo ó campión de cada grupo. Tamén hai trofeos á deportividade e ó mellor árbitro, que se escolle por puntuación secreta que os delegados de equipo fan ó rematar cada partido. Ademais, celébrase o Campionato Galego de Fútbol de Veteranos, no que participan os campións do primeiro grupo de cada Asociación de Galicia, que, rotativamente, organiza unha delas. Neste momento existen no noso país sete asociacións de fútbol de veteranos: A Coruña, Santiago, Lugo, Lugo-cidade, Ourense, Pontevedra e Vigo



Campo de Valado "Raimundo Piñeiro Pechecho"



Algúns integrantes do Lárez C.D. de veteranos

O Lárez C.D. de veteranos comezou a súa andadura neste campionato en 1987, participando na única categoría que había daquela. Cando houbo máis grupos, nunca baixou de terceira e o maior éxito conseguino no ano 2000, cando quedou campión da primeira categoría (daquela había catro) e, despois, como consecuencia, xogou o campionato galego contra os campións das outras asociacións: Miño de Vigo, Milagrosa de Lugo e Maderas Ramos de Santiago. Brillantemente, conseguiron un honroso segundo posto, acontecemento que celebraron os xogadores cunha cea no Merendero de Marín.

Na presente temporada existen en Pontevedra seis categorías de fútbol de veteranos. O Lárez C.D. milita na terceira, tras descender o ano pasado a causa de numerosas lesións. Pero de momento vai ben clasificado, un segundo posto, o que lle permite ter a esperanza de retornar a segunda ó final de temporada. Entre os xogadores actuais atópanse Albino e Dani, porteiros; Toño, Diego, Gonzalo I, Gonzalo II, Quique, Javi, David, Carlos e Castro, defensas; Jaime, Josechu, Juanma, Justo, Ricardo e Luís, centrocampistas; Óscar I, Óscar II, Stefan, Ramón Martínez, Sabino e Miguel, dianteiros. Os delegados de equipo son Carlos Rodríguez e Ramón Martínez. Pedro foi durante moitos anos o adestrador. Agora dirixe o equipo Ramón quen di que o mellor adestramento é o que fan despois de rematar os partidos.

O paso dos anos, deulle ós veteranos de lérez un novo perfil deportivo. A maioría son canosos, algúns teñen boas entradas e a outros sóbralles algún quilo na cintura, aínda que ningún se pode cualificar de

gordo. Aínda que non é frecuente hai algún que pasa dos sesenta anos. O xogo realízano con menos forza ca antes, pero compénsano con máis técnica, aplicando aquilo de *vale máis maña ca forza*, que se pode completar con outro refrán: *sabe máis o raposo por vello ca por raposo*. Noutras épocas estes xogadores eran todos de Lárez ou xogaran no Deportivo Lárez, pero, tras a desaparición deste equipo, houbo que botar man de persoal doutras zonas, estando enrolados neste momento xogadores de Alba e da Devesa.

Un dos labores que veñen realizando os veteranos de Lárez é o mantemento do campo de Valado. Se non fose por eles, tras a desaparición do Deportivo Lárez, club federado, o campo estaría abandonado, cheo de toxos e silvas e as instalación deterioradas. Eles cobren estes gastos e os outros inherentes á competición con achegas persoais, aínda que, sempre que poden, buscan un *sponsor* que contribúa a equilibrar os presupostos. De xeito que, ó lado da identificación propia, Lárez C.D., figura o nome do patrocinador: AMA, As Brasas ou Pescamar.

As cordiais relacións cos demais equipos da competición significan que, ás veces, o equipo local organiza un ágape en honra do equipo visitante, sendo der destacar neste sentido, o succulento cocido de confraternidade que organizou o Ribeirense, cando o Lárez foi xogar alá, na época en que Ourense non tiña asociación de fútbol de veteranos propia. Outras veces, os nosos veteranos do fútbol, ó ir de camiño a terras ourensás, paraban en Forcarei para fartarse de croca, o que non impedía que, ás catro ou cinco da tarde, xogasen o partido "tan panchos".



Veteranos do Lérez C.D. arredor de 1990

A participación no campionato de veteranos libéraos de "cargas familiares" durante as tardes dos sábados, días en que se xogan os partidos. Despois de cada partido comeza outra diversión coa visita a furanchos, tabernas típicas ou, senón, na casa de Carlos, no Castelo. Con harmonía e bo humor -no que non faltan os contos picantes, os chistes breves e as bromas- celebran os triunfos e consólanse das derrotas, saboreando abundantes merendas ou ceas regadas por bos viños. Por iso, antigos xogadores que agora non poden participar no campo por diversas razóns, seguen vencellados ó grupo para non perder a amizade nin a diversión.

Pero estes homes, amigos do fútbol e da festa, tratan de facer partícipes ás familias das súas afeccións. É frecuente que os fillos, xa desde ben pequenos, así como algunhas mulleres, vaian ós partidos a animar os pais ou a desfrutar do xogo dos maridos. É de salientar o caso de Adrián, fillo de Carlos, que leva seguindo o equipo incansablemente desde os dous anos, polo que non é de estrañar que sexa coñecido por todos os equipos do campionato, pois leva dezanove anos animando con forza ó Lérez C.D. en cada partido. Actualmente, Adrián fai as funcións de segundo adestrador.

Ó final de cada temporada, organizan unha comida coas respectivas parellas ás que, ademais lles fan entrega dun agasallo como recoñecemento á súa comprensión. Ademais, cando nace un fillo

dun integrante do club, os demais regálanlle un obsequio coa idea de que no futuro o lembre como unha deferencia dos amigos do pai. Tamén, cando morre algún xogador ou familiar directo, os veteranos do Lérez C.D. teñen por norma enviarlle un ramo de flores e que un grupo de xogadores, en representación do equipo, asista ós actos fúnebres.

De vez en cando, organizan viaxes coas respectivas familias, como aconteceu 1996, que marcharon nun autobús a San Juan de la Arena, en Asturias, preto de Cudillero, coa desculpa de enfrontarse ó C.D. Arenense quen, malia ser un equipo federado, só conseguiu vencer a estes veteranos por catro tantos a tres, o que non foi obstáculo para que lles organizasen unha "típica sidrada" a tan meritorios visitantes.

Con motivo do vinte e cinco aniversario da súa fundación, o Lérez C.D. de veteranos vai organizar varios actos, entre eles, un partido que enfrontará a dous equipos que estarán formados por xogadores escollidos entre os máis de cen que estiveron ou aínda están no club. Como adoita acontecer neste casos, o partido será seguido dunha cea á que, ademais dos xogadores, asistirán as parellas respectivas. Non hai dúbida que os veteranos do Lérez C.D. dominan a arte de saber combinar a paixón polo fútbol e as ganas de diversión co apego familiar.